CONSTRUCIÓN E EVOLUCIÓN DO ESTADO LIBERAL BURGUÉS.

UNIDADE 5. REINADO DE ISABEL II: DOMINIO DO LIBERALISMO MODERADO. SIGNIFICADO DO SEXENIO DEMOCRÁTICO (3ªquincena)

I. A ESPAÑA ISABELINA (1833-1868)

1. As guerras carlistas e acceso ao poder dos liberais

2. A construción do Estado liberal

- **O centralismo**
- **Partidos Políticos: Moderados e Progresistas**
- **O exército e os "pronunciamentos"**
- **A Milicia Nacional e a Garda Civil**

3. Evolución política do reinado de Isabel II (1833-1868)

O Estatuto Real de 1834

A Constitución de 1837

A rexencia de Espartero (1841-1843)

A década moderada (1843-1868)

A década moderada (1843-1868)

- **As relacións coa Igrexa católica e a restrición das liberdades**

A oposición ó moderantismo

O bienio progresista (1854-1856)

Segundo período moderado (1856-1868)

II. O SEXENIO DEMOCRÁTICO (1868-1874)

A Gloriosa

O Goberno provisional

As constituíntes

A Constitución de 1869

O fracaso da monarquía constitucional

O novo rei: Amadeo de Savoia (1870-1873)

A crise dos partidos

O Movemento Obreiro e a I Internacional

A sublevación carlista

A I República (1873-1874)

- **proxecto de Constitución federal de 1873**
- **a revolución cantonalista**
- **fracaso da República**

CONSTRUCIÓN E EVOLUCIÓN DO ESTADO LIBERAL BURGUÉS.

UNIDADE 5. REINADO DE ISABEL II: DOMINIO DO LIBERALISMO MODERADO. SIGNIFICADO DO SEXENIO DEMOCRÁTICO (3ª quincena)

A ESPAÑA ISABELINA

O período denominado *isabelino* abarca desde a morte de Fernando VII en 1833 ata o derrocamento de Isabel II en 1868. Nestes anos asentouse definitivamente en España o sistema político liberal.

Este proceso non se desenvolveu nun clima de estabilidade política, xa que houbo constantes cambios de goberno, pronunciamentos e loitas civís durante gran parte do século XIX no reinado de Isabel II (1833-1868) e durante a breve etapa democrática (1868-1874).

O modelo liberal dominante, coñecido co nome do **liberalismo doutrinario**, foi hexemónico durante a maior parte do século, co que só houbo un pleno recoñecemento da soberanía nacional en períodos moi breves (bienio progresista, sexenio democrático…); a participación política —o dereito ao voto— estivo monopolizada por unha minoría que non superaba o 2% da poboación nas etapas moderadas do reinado de Isabel II.

1. As guerras carlistas e acceso ao poder dos liberais

En 1833 os grupos favorables ao absolutismo negáronse a recoñecer a Isabel, a filla de Fernando VII, como lexítima sucesora á Coroa española. Lembrade a *Lei Sálica* en vigor desde Filipe V que como lle impedía o acceso ao trono ás mulleres, foi substituída pola *Pragmática Sanción* que derrogaba a lei Sálica e permitía que a súa filla puidera gobernar. Os partidarios de D. Carlos (carlistas) negáronse a aceptar a nova situación. No fondo tratábase da loita por impoñer un modelo ou outro de sociedade.

Fernando VII cando morre reafirma como herdeira á súa filla, de tres anos e nomea como rexente a Mª Cristina ata a maioría de idade da súa filla.

O intento da raíña rexente, Mª Cristina, de realizar algunhas reformas pero manter o esencial do sistema absolutista causaron fondo malestar entre os liberais e tampouco serviron para contentar ós partidarios de D. Carlos, que se alzaron inmediatamente en armas.

> Carlos V, rei de España, ós seus amados vasalos. Ben coñecidos son os meus dereitos á Coroa de España en toda Europa; (…) fiel, submiso e obediente como o derradeiro dos vasalos ó meu moi querido Irmán que ven de falecer, (…); sacrifiqueino todo, a miña tranquilidade, a da miña familia; enfronteime a toda caste de perigos para testificarlle a miña respectuosa obediencia, dando ao mesmo tempo esta testemuña pública dos meus principios relixiosos e sociais: (…).
>
> Agora son o voso rei, e ao presentarme por vez primeira a vós baixo este título, non podo dubidar un só momento que imitaredes o meu exemplo sobre a obediencia que se debe aos príncipes que ocupan lexitimamente o trono, e voaredes todos a colocarvos baixo as miñas bandeiras, facéndovos así acredores do meu afecto e soberana xenerosidade. Pero saberedes igualmente que recaerá o peso da xustiza sobre todos aqueles que, desobedientes e desleais, non queiran escoitar a voz dun soberano e un pai que só desexa facervos felices.
>
> Manifesto do infante Carlos Mª Isidro de Borbón, Outubro de 1833

O conflito dinástico pola sucesión encubría un enfrontamento ideolóxico entre os que se coñecerán como *carlistas* —un conxunto de forzas cunha ideoloxía pouco elaborada, pero contrario ás reformas liberais— e os chamados *cristinos* —defendían á raíña gobernadora, Mª Cristina, que tamén recibiron o nome de *isabelinos* por defender a lexitimidade de Isabel II— que comprendían un amplo abano de posicións liberais, desde as moi moderadas ata as máis radicais, e que contaron co apoio de Inglaterra e Francia.

Batalla da primeira guerra carlista

O carlismo tivo maior respaldo en zonas onde estaba máis vivo o espírito foral —o liberalismo pretendía unha maior uniformización da administración do Estado— e onde o campesiñado contaba cunha relativa independencia económica: País Vasco, Navarra, a Rioxa, o Maestrazgo, interior de Cataluña e en moita menor medida en Galicia e Castela, sendo Zumalacárregui o seu principal xeneral, quen chegou a contar cun exército de 30.000 soldados que sitiaron Bilbao (alí morreu Zumalacárregi), pero fracasaron no intento de conquistar algunha cidade importante. Contou igualmente co respaldo maioritario do clero —que se sentía ameazado nos seus privilexios e propiedades polas reformas liberais— e sectores da pequena nobreza rural.

O carlismo en Galicia nunca chegou a organizarse coma un exército, aínda que houbo presenza activa de partidas nas zonas de forte influencia monástica (Samos, Sobrado, Chantada…) e naquelas cidades, como Santiago, nas que a Igrexa tiña máis poder e influencia. Apoiaron o carlismo fidalgos, cregos e algúns sectores do campesiñado

opostos ás reformas liberais que prevían; no bando liberal situouse gran parte da alta nobreza, a burguesía urbana e incluso algúns sectores da fidalguía máis ilustrada e que pretendía acceder ás propiedades eclesiásticas.

Os fracasos carlistas agudizaron as súas divisións internas entre *moderados* (dispostos a chegar a un acordo coa raíña Mª Cristina) e *apostólicos* (intransixentes) o que, xunto cos éxitos militares dos exércitos liberais dirixidos por Espartero fixo inevitable o final da guerra que se asinou no chamado *Convenio de Vergara* (ou "abrazo de Vergara") entre Espartero e o xeneral xefe do exército carlista, Maroto.

Artículo 1º.— O Capitán Xeneral don Baldomero Espartero recomendaralle con interese ó Goberno o cumprimento da súa oferta de se comprometer formalmente a propoñer ás Cortes a concesión ou modificación dos Fueros.

Art. 2º.— Serán recoñecidos os empregos, graos e condecoracións dos xenerais, xefes e oficiais e demais individuos dependentes do exército ó mando do tenente xeneral don Rafael Maroto (…) quedando en liberdade de continuar servindo e defendendo a Constitución de 1837, o trono de Isabel II e a rexencia da súa augusta nai, ou ben retirarse ás súas casas os que non queiran seguir coas armas na man.

Art. 8º.— Poñeranse a disposición do capitán xeneral do Baldomero Espartero os parques de artillería, maestranzas, depósitos de armas, de vestiarios e víveres que estean baixo a dominación do tenente xeneral Rafael Maroto.

Vergara, 31 de agosto de 1839 —Asinan o Duque da Victoria e mais Rafael Maroto—

2. A construción do estado liberal

- **O centralismo**

O proceso de centralización adquiriu agora un pulo decisivo da man dos liberais. A ideoloxía liberal rexeitaba calquera particularismo ou diferencia dentro dos territorios da Monarquía española, por consideralos incompatibles co principio de igualdade de tódalas persoas diante da lei. Esta idea quedou xa de manifesto na Constitución de Cádiz que falaba redactada en nome da "nación española" e que se refería ó "territorio español" en vez do máis usual durante o Antigo Réxime de "territorio das Españas" (a pesar de todo aínda se utilizou con frecuencia durante o século XIX o plural "Españas" por exemplo no encabezamento de varios decretos e Constitucións).

Para os liberais a soberanía nacional (que no caso dos moderados ou liberais doutrinarios era compartida coa Coroa) era incompatible coa existencia de poderes territoriais ou xurisdiccionais autónomos que puidesen obstaculizar o labor do goberno. A racionalización da administración desde o punto de vista liberal pasaba necesariamente pola consolidación dun corpo de funcionarios que se guiasen polas directrices dun goberno central forte. O liberalismo foi en consecuencia a ideoloxía política que desenvolveu o centralismo político e administrativo, sometendo todo o *territorio nacional* ás directrices do goberno e da capital do Reino, convertendo ás autoridades locais e provinciais en simples executores das ordes do goberno. A organización territorial completouse coa creación das Deputacións provinciais, as Audiencias e os partidos xudiciais.

A política *moderada* caracterizouse polo seu acusado centralismo: recortaron os poderes dos Concellos reservando ó goberno central a designación dos alcaldes das capitais de provincia e dos partidos xudiciais de máis de 2.000 habitantes. A obra de centralización emprendida polos moderados plasmouse tamén na elaboración dun Código Penal (1848) no que se podía percibir a preocupación por castigar calquera posible alteración da orde establecida; o seu autoritarismo aínda se reforzou máis coa

reforma de 1850. Implantouse tamén o sistema métrico decimal nas moedas, pesos e medidas eliminando a enorme diversidade existente ata entón.

A desamortización (que estudiaremos na unidade sobre economía) privou a Igrexa das súa fonte fundamental de ingresos —as rendas agrarias— polo que abandonou as funcións de beneficencia que tradicionalmente viña desempeñando. O Estado pasou a asumir a asistencia sanitaria e máis a educativa, aínda que cuns limitadísimos recursos financeiros debido a crónica situación deficitaria da facenda pública a causa das guerras carlistas, dunha banda, do escaso desenvolvemento económico do país por outro e dun deficiente sistema tributario con amplas bolsas de fraude fiscal. En calquera caso, a fundación de centros educativos durante o século XIX foi posible en gran medida gracias ós bens desamortizados.

A reforma educativa, limitando a autonomía universitaria e o regulamentando da ensinanza secundaria (Ordenamento dos estudos e creación de Institutos en 1845 polo Plan Pidal; lei de Claudio Moyano en 1857 que reformou a educación, etc) tivo tamén un marcado carácter centralista e uniformizador; o seu obxectivo era formar ás minorías dirixentes e as clases medias na fidelidade ó Estado que se estaba construíndo.

Exposición de motivos do ministro Pidal á Raíña Isabel II

… os esforzos realizados para reformar a Instrución Pública de acordo a un plano xeral, vasto e uniforme viñeron a malograrse por efecto de circunstancias ou de obstáculos imprevistos. Agora (…) que a organización penetra en todos os ramos da Administración pública, parece que chegou o tempo de (…) levala a cabo xunto coas demais reformas. (…)

Preséntase, en primeiro lugar, aquela —ensinanza— que é propia das clases medias, sexa porque pretendan só adquirir os elementos do saber indispensables na sociedade por toda persoa regularmente educada, ben porque intenten achantar o camiño para estudios maiores e de adquisición máis difícil. Esta ensinanza, coñecida xeralmente co nome de secundaria, deu sempre marxe a serias consideracións e sistemas diversos (…). Ela é a que, apoderándose do home desde a súa primeira idade ata a adolescencia, da ó seu entendemento unha dirección proveitosa ou extraviada e sinálao para toda a vida cun selo indeleble. Os momentos perdidos en época tan preciosa non se resarcen nunca, e as impresións entón recibidas determinan a sorte dos cidadáns e da patria, da que algún día rexerán os destinos.

Preámbulo do Real Decreto de 17 de Setembro de 1845

- **Partidos Políticos: Moderados e Progresistas**

Non podemos pensar en partidos políticos como os actuais. Eran agrupacións de personalidades ao redor dalgún notable civil ou militar, e non tiñan programas elaborados senón correntes de opinión ou *"camarillas"* vinculadas por relacións persoais ou por intereses económicos.

Os **liberais moderados** tiveron un prolongado protagonismo político na España do século XIX, desde Martínez de la Rosa en 1833 ata o sistema político da Restauración que veremos máis adiante. A súa ideoloxía recibe tamén o nome de *liberalismo doutrinario* e baseouse no rexeitamento do concepto de *soberanía nacional* —defendido polos progresistas— e a súa substitución polo de *soberanía compartida*, que facía derivar a lexitimidade do poder político da colaboración entre as Cortes (formadas por representantes elixidos de maneira restrinxida) e a Coroa. Na práctica atribuíaselle á Coroa, ademais do poder executivo en exclusiva, a mesma capacidade lexislativa ca o Parlamento. Os moderados defendían un sufraxio censatario moi restrinxido, eran partidarios da colaboración coa Igrexa católica e a confesionalidade do Estado, e de limitar as liberdades de expresión —de imprenta— e asociación.

Os moderados estaban formados por grupos de terratenentes, comerciantes e intelectuais conservadores, xunto a restos da vella nobreza, o alto clero e dos altos mandos militares. E entre os progresistas predominaban a media e pequena burguesía industrial e financeira, unha base popular de artesáns, os mandos intermedios ou inferiores do exército e os profesionais liberais (profesorado, xornalistas, avogacía...)

Os **progresistas** tiveron os seus antecedentes nos coñecidos como *exaltados* do Trienio Liberal (1820-1823) pero comezaron a organizarse a partir de 1834 en oposición ó Estatuto Real. Nunca contaron co apoio da Coroa e só conseguiron o goberno cando foron apoiados por algún *pronunciamento* militar. O primeiro goberno progresista foi o de Mendizábal. En 1837, despois de chegar ó poder polo "*Motín dos sarxentos de La Granja",* elaboraron unha Constitución, na que, para tratar atraerse ós moderados que se apartaran da participación política, aceptaron introducir algúns aspectos específicos do moderantismo, como o sufraxio censatario (aínda que se aplicou de maneira menos restrictiva), a existencia de dúas Cámaras, e o recoñecemento do papel *moderador* da Coroa á que se lle recoñecía a capacidade de disolver as Cortes. A ideoloxía progresista, de seu, defendía a *soberanía nacional* como única depositaria da lexitimidade política, o sufraxio universal, un recoñecemento bastante amplo das liberdades de reunión, asociación e prensa; unha maior separación de Igrexa e Estado e a liberdade de cultos, e a defensa do orde constitucional por medio dunha Milicia Nacional. A Constitución de 1837 pode definirse pois como "de transacción" entre a ideoloxía progresista e moderada.

Francisco Martínez de la Rosa. Moderado

Juan Álvarez de Mendizábal. Progresista

Unha fracción minoritaria do liberalismo progresista eran os demócratas (que acabarán formando unha forza diferenciada, en 1849.

Defendían: a soberanía popular, o sufraxio universal masculino, as liberdades individuais (reunión, asociación, prensa, culto…), a participación dos cidadáns na xustiza (xurados), na defensa (Milicia Nacional), a descentralización política e administrativa do Estado e a separación estrita de poderes e subordinación do executivo ao lexislativo. O sector máis radical dos demócratas foron os republicanos: federais (Pi i Margall) ou unitarios (Castelar).

- **O exército e os "pronunciamentos"**

As Cortes de Cádiz suprimiran o requisito de nobreza para acceder ó emprego de oficial do exército e estableceron o deber *"de todo español a defender a patria coas armas cando sexa chamado pola lei".* A Guerra contra os franceses propiciou ó acceso de individuos procedentes dos sectores non nobiliarios a postos de responsabilidade militar, o que explica en certa medida a influencia liberal entre oficiais e suboficiais do exército ata o último cuarto do século XIX. Cando en 1823 o duque de Angulema devolveu o poder absoluto a Fernando VII foron licenciados 13.000 oficiais militares, quedando practicamente disolto o exército. Durante a primeira guerra carlista volveron a producirse depuracións de militares, esta vez dos sospeitosos de apoiar a D. Carlos, que efectivamente en moitos casos acabaron uníndose a el. O "*abrazo de Vergara*" significou a reincorporación dun pequeno número de oficiais carlistas ó exército (493 oficiais) que seguiu sendo maioritariamente liberal, aínda que no seu seo ó igual ca no resto da sociedade convivían mal avenidos progresistas e moderados.

Sarxentos de La Granja en 1836 esixindo a Mª Cristina a Constitución de 1812

Pese a que o servizo militar foi teoricamente obrigatorio era posible evitalo por medio dun pago en metálico (redención) ou pagando a outro para que realizase o servizo (substitución). Calcúlase que ata 1912 en torno ó 25% dos recrutas eludiron así o servizo militar, que na práctica recaeu só sobre as clases populares, o que explica en boa medida o antimilitarismo que se manifestaba entre a maioría da poboación.

Pronunciamentos

Foron unha fórmula peculiar e bastante frecuente de rebeldía militar con fins políticos e co apoio de elementos civís. Consistía nunha insurrección de oficiais que xustificaban a súa acción en nome do interese ou da vontade xeral da Nación (que crían e afirmaban representar). Sentíanse lexitimados a intervir para corrixir unha política que xulgaban equivocada ou contraria os intereses da Nación.

O "pronunciamento" iniciábase con traballos previos de sondar outros destacamentos militares por parte dun pequeno grupo de activistas que contactaba cos conspiradores civís e que lograba comprometer a certo número de oficiais e sarxentos; posteriormente viña o "grito" ou

pronunciamento propiamente dito: tratábase dunha arenga ás tropas formadas, que era seguido da suma de "pronunciamentos" doutras guarnicións e as manifestacións públicas dos civís comprometidos. Tratábase de evitar o enfrontamento armado, e se o goberno se sentía falto de apoios, dimitía e daba paso á opción apoiada polos "pronunciados".

Existiron "pronunciamentos" de diverso signo político, sendo máis característicos os de carácter revolucionario liberal (Espoz y Mina, Porlier, Riego, Torrijos, etc. durante o reinado de Fernando VII. O Motín dos Sarxentos de 1836, ou o de 1840 que levou a Espartero a gobernar durante a rexencia de Mª Cristina). A presencia de liberais radicais entre os militares foi unha das consecuencias da incorporación ó exército regular dos guerrilleiros que loitaran contra os franceses, persoas moitas delas de extracción popular e burguesa —non aristocrática como no Antigo Réxime— e a posterior decantación ideolóxica como consecuencia da guerra carlista. Houbo tamén *pronunciamentos* moderados, como o de Serrano, Prim, Narváez e Concha, que puso fin ó goberno de Espartero en 1843. En calquera caso, a presencia de militares na vida política española foi unha constante ata a Restauración de 1876.

- **A Milicia Nacional e Garda Civil**

A Milicia Nacional constituída nas Cortes de Cádiz, estaba integrada por varóns entre 30 e 50 anos que debían servir durante un máximo de 8 anos, pero non continuadamente. Foi unha forza nacional, alternativa ao exército regular, na que todos os seus membros eran iguais, xefes e oficiais eran electivos e a autoridade máxima dependía do alcalde do concello correspondente. Iniciouse como a forma de implicar aos sectores liberais e cidadáns na loita pola implantación do liberalismo.

Garda Civil de uniforme

Os moderados suprimírona e foi restituída nas etapas nas que os progresistas estiveron no poder (1812, 1820-23, 1854-56) como corpo armado para garantir a orde pública e o sistema constitucional, pero que na práctica tivo escasa operatividade, sendo máis ben un instrumento político. No seu lugar o marqués de Ahumada fundou en 1844 a *Garda Civil* que foi o primeiro corpo de seguridade pública de ámbito nacional, dependente do Ministerio de Gobernación aínda que en estreita dependencia tamén do ministerio da Guerra desde os seus inicios; contou con ampla autonomía organizativa. A súa finalidade era protexer *"ás persoas e propiedades dentro e fóra das poboacións"* abarcando todas as funcións relativas á conservación de todo o que en senso moi amplo pode entenderse coma orde pública. A súa actividade centrouse na protección da propiedade rural (especialmente ameazada polas persoas carentes de recursos despois da desamortización dos bens comunais e municipais) e evitar as alteracións da orde pública.

Evolución política do reinado de Isabel II (1833-1868)

O Estatuto Real de 1834

A guerra civil contribuíu a acelerar a transformación da monarquía desde un estado absolutista moi moderado ata ó liberalismo progresista, para consolidarse posteriormente nun modelo moi conservador —moderado— inspirado no chamado *liberalismo doutrinario*. A raíña rexente Mª Cristina, presionada polos principais dirixentes políticos e militares, e ata polos embaixadores de Francia e Inglaterra, viuse obrigada a destituír ó absolutista Cea Bermúdez e encargar o goberno a Martínez de la Rosa para facer as oportunas reformas constitucionais.

Mª Cristina de Borbón Dos Sicilias

Martínez de la Rosa elaborou no ano 1834 un "Estatuto Real" como texto fundamental da monarquía.

- Non era unha Constitución, porque non recoñecía a soberanía nacional. É dicir o poder de facer as leis **non** emanaba da vontade da nación expresada por medio dos seus representantes que se reuniran para facer unha Constitución, senón que era a partir do recoñecemento de que a soberanía residía na Coroa —ideoloxía absolutista— que esta "outorgaba" o Estatuto, no que *cedía* algúns dos seus dereitos. A distinción é importante, porque implicaba que a existencia de institucións podería ser revocada por quen as concedeu. O Estatuto Real de 1834 defínese pois como unha *Carta Outorgada*.

- A iniciativa lexislativa (a capacidade de propoñer leis para a súa aprobación) quedaba en mans da Coroa (é dicir do goberno, ou poder executivo).

- Establecíanse dúas Cámaras: os membros do "Estamento dos Próceres" ou Cámara Alta serían nomeados pola Coroa de forma vitalicia. O "Estamento dos Procuradores" ou Cámara Baixa a penas tiñan outra capacidade que discutir as leis presentadas polo goberno e aprobar os presupostos.

Art. 3º.— O Estamento de Próceres do Reino compoñerase: 1º De Moi Reverendos Arcebispos e Reverendos Bispos. 2º De Grandes de España. 3º De Títulos de Castela. 4º Dun número indeterminado de españois, elevados en dignidade e ilustres polos seus servizos en varias carreiras, e que sexan ou teñan sido
Secretarios de Despacho, Procuradores do Reino, Conselleiros de Estado, Embaixadores ou ministros plenipotenciarios, Xenerais de mar ou de terra, ou Ministros dos Tribunais Supremos
5º Dos propietarios territoriais ou donos de fábricas, manufacturas ou establecementos mercantís que reúnan ó seu mérito persoal e ás súas circunstancias relevantes o posuír unha renda anual de 60.000 reais, e o de ter sido antes Procuradores do Reino. 6º Dos que no ensino público, ou cultivando as ciencias ou as letras, adquirisen renome e celebridade, con tal de que gocen dunha renda anual de 60.000 reais, que proveña de bens propios, ou dun soldo cobrado do Erario.

Art. 14.— Para seren Procurador do Reino requírese: 1º Ser natural destes Reinos ou fillo de pais españois. 2º Ter trinta anos cumpridos. 3º Estar en posesión dunha renda propia anual de 12.000 reais. 4º Ter nacido na Provincia que o nomee ou residir nela durante os dous últimos anos, ou posuír nela algún predio rústico ou urbano, ou capital de censo que produzan a metade da renda precisa para seren Procurador do Reino. No caso no que un mesmo individuo fose elixido Procurador a Cortes por máis dunha Provincia, terá o dereito de optar entre as que o tivesen nomeado.

Art. 24.— Correspóndelle exclusivamente ó Rei convocar, suspender e disolver as Cortes

Art.— 27 Con arranxo á Lei (…), convocaranse Cortes xerais despois da morte do Rei para que o seu sucesor xure a observancia das leis e reciba das Cortes o debido xuramento de fidelidade e obediencia.

Art. 31.— As Cortes non poderán deliberar sobre ningún asunto que non se sometese expresamente ó seu exame en virtude dun Decreto Real.

Art. 33.— Para a formación das leis requírese a aprobación dun ou doutro Estamento e a sanción do Rei.

Estatuto Real de 1834

O curto das reformas de Martínez de la Rosa foron descritas así polo historiador e político republicano do século XIX Fernando Garrido:

O pobo aceptou o ridículo "Estatuto Real" que o ministro poeta improvisoulle no lugar dunha Constitución francamente liberal; non porque lle gustase, senón porque o que quería era empezar.(...) lembraremos os seus caracteres máis notables.

O número de electores segundo o Estatuto Real, nunha nación de catorce millóns de habitantes, era, ¡pásmase o lector! de 980. E os deputados nomeados por este corpo electoral, debían gozar de 12.000 reais de renda producto das súas fincas. Martínez de la Rosa reservou á coroa a iniciativa lexislativa: e aínda concedeu ós procuradores o dereito de petición, a condición de ir autorizadas con doce firmas e de que o goberno só respondese cando quixera. Sobre esta Cámara muda había outra aristocrática, composta de "próceres" hereditarios e de "próceres" vitalicios, que non tiña máis atribucións que a dos "procuradores" do reino, que así se chamaba a outra.

Non había no Estatuto Real a máis pequena declaración de principios nin unha palabra respecto ás liberdades públicas: reducíase todo á organización das dúas Cámaras, coma unha especie de pantasma representativa colocada entre o público e o trono, que só a este debía servir.

Fernando GARRIDO, 1869. *Historia del último Borbón de España*

O ultraconservadurismo do Estatuto Real viuse pronto excedido na práctica, xa que a guerra civil —a guerra carlista— fixo gañar poder ós sectores liberais máis radicais. Entre 1835 e 1836 presidiu o goberno Juan A. Mendizábal que entre outras, adoptaron as seguintes medidas: Amnistía xeral; supresión das comunidades relixiosas; **desamortización** dos bens eclesiásticos —venda de tódolos bens das comunidades e institutos relixiosos que pasaron a ser bens nacionais— e mobilización dunha quinta de cen mil soldados para poder acabar a guerra. A substitución de Mendizábal por un moderado —Istúriz— e o pretendido xiro conservador desembocou nun motín militar de signo progresista (o *"Motín dos Sarxentos"* en A Granxa) que impuxo a abolición definitiva do Estatuto Real e a restauración da Constitución de 1812, en vigor mentres se redactou unha nova Constitución progresista, a de 1837.

A Constitución de 1837

Dona Isabel II, pola gracia de Deus e da Constitución da Monarquía española, Raíña das Españas; e no seu real nome, e durante a súa minoría de idade, a Raíña viúva… (…) sabede: Que as Cortes xerais decidiron, decretaron e sancionaron, e Nós, de conformidade aceptado, o seguinte: Sendo a vontade da Nación revisar, no uso da súa soberanía, a Constitución política promulgada en Cádiz… (…)

Art. 2.— Todos os españois poden imprimir e publicar libremente as súas ideas sen previa censura, con suxeición ás leis. A cualificación dos delictos de imprenta corresponde exclusivamente ós xurados.

Art. 6.— Todo español está obrigado a defender a Patria coas armas cando sexa chamado pola lei, e a contribuír en proporción ós seus haberes para os gastos do Estado.

Art. 7.— Non pode ser detido, nin preso, nin separado do seu domicilio ningún español, nin invadida a súa casa, senón é nos casos e na forma na que prescriban as leis. (…)

Art. 11.— A Nación obrígase a manter o culto e os ministros da relixión católica que profesan os españois.

Art. 13.— As Cortes compóñense de dous Corpos Colexisladores, iguais en facultades: Senado e Congreso dos Deputados.

Art. 17.— Para ser senador requírese ser español, maior de 40 anos e ter os medios de subsistencia e as demais circunstancias que determine a lei electoral.

Art. 26.— As Cortes reúnense todos os anos. Corresponde a El Rei convocalas, suspender e cerrar as súas sesións e disolver o Congreso dos Deputados, pero coa obriga, neste último caso de convocar outras Cortes e reunilas dentro de tres meses.

Art. 36.— El Rei e cada un dos Corpos Colexisladores teñen iniciativa de leis. (…)

Art. 40.— Ademais da potestade lexislativa que exercen as Cortes con El Rei, perténcelles as facultades seguintes: (…) 4º/ Facer efectiva a responsabilidade dos ministros, que serán acusados no Congreso e xulgados polo Senado.

Art. 45.— A potestade de facer executar as leis reside en El Rei, e a súa autoridade esténdese a todo canto conduce a conservación da orde pública no interior e á seguridade do Estado no exterior, conforme á Constitución e ás leis.

Constitución de 1837

Esta Constitución, aínda que elaborada polos progresistas, recollía principios *doutrinarios* propios dos moderados e que nestes anos estaban en vigor en Francia e Bélxica: bicameralismo, papel moderador da Coroa coa capacidade de disolver as Cámaras e de vetar as leis que aprobasen, introducción do sufraxio censatario…. Recoñecía o principio da soberanía nacional —no preámbulo do texto— e unha ampla declaración de dereitos, deberes e liberdades.

Un novo goberno moderado nacido das primeiras eleccións tras a aprobación da Constitución de 1837 foi limitando o seu alcance. A medida máis impopular foi a substitución da lei que rexía os Concellos por unha nova, moi restrictiva que limitaba a súa autonomía e o sufraxio popular (os alcaldes serían delegados gobernativos e non elixidos). A sublevación da Milicia Nacional nun novo pronunciamento progresista, co respaldo de numerosos concellos levou ó poder ó xeneral Espartero e á renuncia de Mª Cristina que abandonou o país.

Xeneral Espartero. A.M. Esquivel

A rexencia de Espartero (1841-1843)

Espartero chegou ó goberno coa intención de compartir a rexencia con Mª Cristina, pero esta preferiu renunciar e exiliarse en Francia. O seu goberno foi moi autoritario, o que lle fixo perder progresivamente os apoios cos que chegara ó poder. Os moderados abstivéronse de participar nas eleccións e dedicáronse a preparar un pronunciamento. Os progresistas escindíronse en varios grupos: algúns apoiábano e outros criticaban o

seu autoritarismo e conservadurismo.

Unha das medidas máis polémicas foi a de liberalizar as importacións de tecidos de algodón, o que beneficiaba ós empresarios británicos e prexudicaba ás empresas téxtiles catalanas.

En Barcelona produciuse un levantamento popular co apoio da Milicia Nacional que foi esmagado despois de que ordenase bombardear a cidade, incrementando con isto o número dos seus inimigos.

Intentou modificar o sistema foral de Navarra e das provincias vascas: recoñeceulle a Navarra o dereito a conservar as súas institucións e normas forais, a cambio de que se implantase a mesma administración e lexislación electoral que no resto do estado e ao pago dun *cupo* anual. As xuntas das provincias vascas negáronse a calquera concesión, polo que decidiu suprimir os seus fueros en 1841 (recuperados en 1844 tras a caída de Espartero). En 1843 foi derribado por un pronunciamento militar encabezado polo xeneral Narváez e O`Donell e apoiado polo partido moderado.

A década moderada (1843-1868)

Tras derrocar a Espartero, os moderados no poder emprenderon a tarefa de reformar a Constitución de 1837; o resultado foi unha nova Constitución, a de 1845, a máis moderada e restrictiva de tódalas do século XIX (se excluímos o Estatuto de 1834) e na que mellor se reflicte a ideoloxía do *liberalismo doutrinario.*

Dona Isabel II, pola gracia de Deus e da Constitución da Monarquía española Raíña das Españas; a todos os que as presentes visen e entendesen, sabede: Que sendo a nosa vontade e a das Cortes do reino regularizar e poñer en consonancia coas necesidades actuais do Estado os antigos fueros e liberdades destes Reinos, e a intervención que as súas Cortes tiveron en tódolos tempos e nos negocios graves da Monarquía, modificando ó efecto a Constitución promulgada o 18 de xuño de 1837, viñemos, en unión e acordo coas Cortes actualmente reunidas, en decretar e sancionar a seguinte Constitución da Monarquía española.

TÍTULO I. Dos españois

Art. 2.— Todos os españois poden imprimir e publicar libremente as súas ideas sen censura previa, con suxeición ás leis.
Art. 11.- A relixión da nación española é a católica, apostólica, romana. O Estado obrígase a manter o culto e ós seus ministros.

TÍTULO II. Das Cortes

Art. 12.- A potestade de facer as leis reside nas Cortes có Rei.
Art. 13.- As Cortes compóñense de dous corpos colexisladores, iguais en facultades: O Senado e o Congreso dos Deputados.

TÍTULO III. Do Senado

Art. 14.- O número de senadores é limitado: o seu nomeamento pertence ó Rei.
Art. 15.- Só poderán ser nomeados senadores os españois que, ademais de ter trinta anos cumpridos, pertenzan ás clases seguintes:

Presidentes dalgún dos Corpos colexisladores, Senadores ou Deputados admitidos tres veces nas Cortes, Ministros da Coroa, Conselleiros do Estado, Arcebispos, bispos, Grandes de España, Capitáns Xenerais do Exército e Armada, Embaixadores (...).

Os comprendidos nas categorías anteriores deberán, ademais, gozar de 30.000 reais de renda .

TÍTULO IV. Do Congreso dos Deputados

Art. 20.- O Congreso dos Deputados compoñerase dos que nomeen as xuntas electorais na forma que determine a lei. Nomearase un deputado cando menos por canda cincuenta mil ánimas da poboación. (...).

Art. 22.- Para seren deputados requírese ser español, do estado segrar, ter cumprido vintecinco anos, gozar da renda procedente de bens raíces ou pagar por contribucións directas a cantidade que a lei electoral esixa".

Constitución española de 23 de maio de 1845

A Constitución de 1845 foi a que estivo máis tempo en vigor (despois da de 1876 que veremos máis adiante e que foi a máis duradeira). Os moderados ocuparon o poder ininterrompidamente durante dez anos, baixo o firme liderado do xeneral Narváez. O partido moderado estaba apoiado pola burguesía, os sectores enriquecidos pola compra de terras desamortizadas, a aristocracia latifundista e tamén polas clases medias ilustradas.

Isabel II. Pintura de Javier de Madrazo

A política moderada caracterizouse polo seu acusado centralismo e uniformización: recortaron os poderes dos Concellos reservando ó goberno central a designación dos alcaldes das capitais de provincia e dos partidos xudiciais de máis de 2.000 habitantes

A obra de centralización emprendida polos moderados plasmouse tamén na elaboración dun **Código Penal** (1848) no que se podía percibir a preocupación por castigar calquera posible alteración da orde establecida

- suprimiron a Milicia nacional e crearon a Garda Civil

- aprobaron unha lei electoral moi restrictiva (en 1844 limitaba o dereito ao voto a 100.000 persoas)

- aprobaron a reforma tributaria (dos ministros Mon e Santillán) baseada nos principios liberais de proporcionalidade e obrigatoriedade, reducindo os múltiples e variados impostos a dous grandes tipos:

- directos (contribucións territoriais e subsidios das industrias e o comercio)

- indirectos (fundamentalmente os de consumos)

Foi unha reforma socialmente inxusta que provocou numerosos motíns populares (contra os consumos) e o descontento de industriais e comerciantes.

As relacións coa Igrexa católica e a restrición das liberdades

Os moderados tiveron especial coidado en restablecer as relacións co Papa e coa Igrexa católica, rotas durante o período progresista a causa da desamortización dos bens eclesiásticos e as limitacións impostas ás ordes relixiosas. Sen pretender a devolución das terras expropiadas e vendidas —en mans da grande burguesía agraria que apoiaba precisamente ó partido moderado— buscaron un compromiso que se plasmou no Concordato de 1851, que estivo vixente case sen interrupción e con pequenas modificacións ata a 2ª República (1931). O Concordato deixou en mans da Igrexa a inspección e supervisión do ensino e a capacidade de censurar calquera publicación.

Art. 1.— A relixión católica, apostólica e romana, que con exclusión de calquera outro culto continúa sendo a única da nación española, conservarase sempre nos dominios da S. M. Católica con todos os dereitos e prerrogativas de que deben gozar segundo a lei de Deus e o disposto polos sagrados Canons.

Art. 2.— En consecuencia a instrucción nas Universidades, Colexios, Seminarios e Escolas públicas ou privadas de calquera clase, será en todo conforme á doutrina da mesma relixión católica; e a este fin non se poñerá impedimento algún ós bispos e demais prelados diocesanos encargados polo seu ministerio de velar pola pureza da doutrina da fe e dos costumes, e sobre a educación relixiosa da xuventude no exercicio deste cargo, aínda nas escolas públicas.

Art. 3.— Tampouco se poñerá impedimento algún ós devanditos prelados nin ós demais sagrados ministros no exercicio das súas funcións, nin os molestará ninguén baixo ningún pretexto en canto se refira ó cumprimento dos deberes do seu cargo; antes ben coidarán todas as autoridades do reino de gardarlle e de que se lles garde respecto e consideración (…) principalmente cando haxan de opoñerse á malignidade dos homes que intenten perverter os ánimos dos fieis e corromper os costumes, ou cando houbese de impedirse a publicación, introducción ou circulación de libros malos e nocivos.

Concordato entre o Goberno Español e a Santa Sede de 16 de Marzo de 1851

Aínda que a Constitución recoñecía formalmente a liberdade de prensa, na práctica estivo sometida a restriccións e a unha censura máis ou menos encuberta. O Concordato consagrou a capacidade de censurar calquera publicación por parte do clero

A oposición ao moderantismo

A oposición ó réxime moderado estivo representada sobre todo polos progresistas que non tiñan a máis mínima posibilidade de acceder ó poder a causa do sistema electoral vixente. O sufraxio censatario nesa época limitaba o número de electores a 100.000 persoas en España (un 0'8% da poboación total) que reunían os requisitos de pagar 400 reas de contribución anual —a metade se eran doutores, licenciados, maxistrados, etc.—. A Constitución de 1845 recoñecía ademais que a Coroa —na práctica, o goberno— podía nomear un número indefinido de senadores e ampliaba o número de representantes non elixidos polos cidadáns. E a iso había que sumar o sistemático fraude electoral. En consecuencia houbo unha radicalización da oposición que buscaba chegar ó goberno por medio dalgún *pronunciamento* militar.

"Nos queremos a conservación do Trono, pero sen a camarilla que o deshonra; queremos a práctica rigorosa das leis fundamentais, mellorándoas, sobre todo a Electoral e a de Imprenta; queremos a rebaixa dos impostos, fundada nunha estricta economía; queremos que se respecten os empregos militares e civís, a antigüidade e os merecementos; queremos arrincarlle os pobos á centralización que os devora, dándolle a independencia local necesaria (...)e como garantía de todo isto, queremos establecer a Milicia Nacional(...)

Manifesto de Manzanares. 1854

A ala esquerda dos progresistas formou o *partido demócrata*, que reivindicaba un programa radical de liberdades (de reunión, expresión, asociación, de conciencia e de prensa). Consideraban que a soberanía nacional implicaba o dereito ó sufraxio universal; a elección de alcaldes e concelleiros en todos os municipios; a xeralización da xustiza por medio de xurados; e a supresión do Senado, avogando por un sistema unicameral. Entre os demócratas comezaron a aparecer as primeiras voces republicanas (como Castelar ou Pi i Margall que terían un destacado protagonismo na etapa revolucionaria dos primeiros anos setenta) e mesmo apareceron tamén os primeiros núcleos socialistas.

No extremo contrario do abano ideolóxico estaban os carlistas que tomaron de novo as armas en 1848 e 1860, con pouco éxito. O carlismo experimentou nestes anos unha maior definición ideolóxica, cunha reivindicación do "foralismo" fronte ó centralismo liberal, ademais dun profundo clericalismo antimodernista.

Pronunciamentos militares desta época, por medio dos que os progresistas pretendían acceder ao poder:

ano	***dirixentes***	***lugar***	***resultado***
1844	***P. Bonet***	***Alicante-Cartagena***	***fracasa: fusilado***
1844	***Martín Zurbano***	***Navarra***	***fracasa: fusilado***
1846	***M. Solís***	***Galicia***	***fracasa: fusilado***
1848	***J. Fulgosio***	***Madrid***	***fracasa: fusilado***
1854	***Hore***	***Zaragoza***	***fracasa: morto***
1854	***O'Donell e Dulce***	***Vicálvaro (Madrid)***	***éxito: cambio político***

O bienio progresista (1854-1856)

Os gobernos moderados identificáronse con prácticas de corrupción a gran escala (concesións das liñas de ferrocarrís) co conseguinte desprestixio e impopularidade; isto creou o ambiente adecuado para que triunfase un novo *pronunciamento* militar en Vicálvaro (a chamada V*icalvarada*) protagonizado por militares moderados pero contrarios á corrupción, o que facilitou o acceso dos progresistas ó poder. A razón do pronunciamento parece ser a corrupción dos derradeiros gobernos e a actuación das camarillas da Corte.

Señora: os xenerais, brigadieres, coroneis e demais xefes que subscriben, fieis súbditos da V. M., chegan ós pés do trono e con profunda veneración expoñen: que defenderon sempre o augusto trono da V. M. a custo do seu sangue, e ven hoxe con dolor que os vosos ministros responsables, exentos de moralidade e de espírito de xustiza, aldraxan as leis e aniquilan unha nación moi empobrecida, creando ó mesmo tempo co exemplo dos seus actos unha funesta escola de corrupción para todas as clases do Estado.

Hai tempo, Señora, que os pobos xemen baixo a máis dura administración, sen que se respecte polos conselleiros responsables da V. M. un só articulo da Constitución; lonxe disto, vense perseguindo con crueldade ós homes que maiores servizos prestaron á causa da V. M. e as leis só por ter emitido o seu voto con lealdade e franqueza nos corpos colexisladores.

A prensa, esta institución encargada de discutir os actos administrativos e derramar a luz en todas as clases, atópase encadeada, e os seus máis ilustres representantes afogan a súa voz no desterro uns, e os outros, protexidos por algunha man amiga, viven ocultos e cheos de privacións, para liberarse da bárbara persecución que estes homes improvisados resolveron contra todos.

Os gastos públicos, que tantas bágoas e tanto suor custan ó infeliz contribuínte, auméntase cada día (…).

Máis non para aquí, Señora, a rapacidade e desbordamento dos ministros responsables; levan aínda máis alá a venalidade e a ambición. Non concederon ningunha liña de ferrocarril algo importante sen que percibisen antes algunha crecida subvención (…)

Manifesto de Alcalá de Henares, asinado por militares como O'Donell, Dulce, etc.. e coñecido como Vicalvarada; 1854

Nos dous anos de goberno progresista (compartido por Espartero e O'Donell) constituíuse unha nova forza política, a Unión Liberal no que converxeron persoas procedentes do moderantismo e do campo progresista. A obra máis importante desta curta etapa foi unha nova desamortización, promovida polo ministro progresista Madoz, que renova a venda dos bens da Igrexa e tamén poxa os bens municipais e comunais, transformados en propiedade privada

O outro gran proxecto económico do goberno do Bienio foi a construción do ferrocarril, e estableceu en 1855 a Lei Xeral de ferrocarrís que regulaba a súa construción e lles ofrecía incentivos ás empresas que interviñesen nela.

Despois de terse celebrado eleccións a Cortes Constituíntes segundo a Lei de 1837, redactouse unha nova Constitución que non chegou a entrar en vigor. Esta Constitución recollía o ideario progresista: soberanía nacional, restricción da autoridade real, Senado electivo, Milicia Nacional, sufraxio ampliado, etc. O malestar social en aumento —motíns no campo, revoltas contra o imposto de consumos, conflitividade obreira coa convocatoria da primeira folga xeral en Barcelona en demanda do dereito de asociación e outras reivindicacións laborais— foi a escusa de O'Donnell para pedirlle a raíña o cese de Espartero e a formación dun novo Goberno encabezado por el mesmo. O Exército derrotou á Milicia Nacional e restableceuse a Constitución moderada de 1845.

Segundo período moderado (1856-1868)

Durante os derradeiros doce anos do reinado de Isabel II alternáronse na presidencia do goberno os xenerais moderados O'Donnell e Narváez quedando de novo excluída calquera posibilidade de que os progresistas chegasen ó poder por medio das eleccións, o que finalmente conduciría a unha revolución non só contra o goberno senón contra a mesma Isabel II. A Unión Liberal encabezou o Goberno máis duradeiro do S. XIX (1858-1863), anos de expansión económica e de relativa estabilidade social

Esta época caracterizouse por continuar a obra política da década moderada: restableceuse a Constitución de 1845, reorganizáronse as Deputacións provinciais e os Concellos, someténdoos á autoridade do goberno central; disolveuse a Milicia Nacional mantendo á Garda Civil como única forza de orde pública; paralizouse a desamortización eclesiástica, aínda que non a civil, etc. A economía española experimentou un certo crecemento gracias á favorable conxuntura internacional. En política exterior o máis destacable foi a realización de varias expedicións militares en Marrocos, máis na procura de prestixio que por calquera outro tipo de obxectivo económico ou territorial que situase a España a altura das potencias europeas que iniciaban a explotación colonial.

Foi unha expedición militar victoriosa que se converteu nun motivo de unión nacional, de exaltación do espírito patriótico.
Aquí comezou entre os militares o "africanismo", a visión do Norte de África coma un espacio natural de expansión de España, onde gañar honores e medallas, que se mantivo ata a época de Franco.
Os conflitos foron en aumento, sendo a represión a única resposta. En 1865 as forzas da orde reprimiron con dureza unha manifestación de estudiantes que protestaban contra a destitución do profesor Castelar, que criticara á raíña nun artigo. A *noite de San Daniel* rematou con nove estudiantes mortos. En 1866 foron fusilados 68 sarxentos, cabos e soldados do cuartel de San Gil (Madrid), implicados nun dos pronunciamentos encabezados por Prim. En setembro de 1868, un novo pronunciamento acabou obrigou a raíña a exiliarse, pondo fin o seu reinado.

II. O SEXENIO DEMOCRÁTICO

"Prim, seguindo a tradición progresista, intentou sete pronunciamentos en espacio de catro anos. O poder desgastábase. Narváez e O'Donnell morreron en 1868. A raíña era unanimemente considerada como "insoportable" a causa da súa vida privada. González Bravo quixo reprimir a axitación e fíxose odioso. Flota, guarnicións e xuntas locais proclamaron en setembro de 1868, as "liberdades fundamentais" e o sufraxio universal. Serrano, a quen tomaron por xefe, bateu ás tropas da raíña, que se refuxiou en Francia.

1868-1875. Serrano e Prim, gobernantes provisionais convocaron a Cortes. Estas foron brillantes e votaron unha constitución moi democrática, pero monárquica. Pero foi difícil atopar un rei. O mesmo día que chegou Amadeo, fillo do rei de Italia, Prim caeu asasinado (30 de decembro de 1870). O rei, só, cansouse dunha situación difícil: rivalidade Sagasta-Ruiz Zorrilla, reanudación da guerra carlista, axitación social da "Internacional". Ó fin, abdicou, e foi proclamada a República o 11 de febreiro de 1873. A súa tendencia foi federal, e o seu primeiro presidente Figueras, ó que seguiu Pi y Margall. Pero a influencia anarquista transformou o federalismo en "cantonalismo", e os cantóns proclamáronse independentes. Pi retirouse para non ter que utilizar a violencia represiva. Tampouco Salmerón quixo aplicar a pena de morte. Con Castelar, que o substituíu, chegou ó poder a república unitaria e autoritaria. Demasiado tarde. O 3 de xaneiro de 1874, o xeneral Pavía disolvía as Cortes pola forza. Unha dictadura provisional preparou a Restauración en favor do fillo de Isabel, Alfonso, que veu de Inglaterra escoltado por un preceptor de experiencia: Cánovas del Castillo, "conservador liberal"."

Pierre Vilar, *Historia de España*, px. 88-89

A Gloriosa

Á altura de 1860 o réxime isabelino entraba nunha crise cada vez máis profunda. A participación política, dentro do sistema establecido en 1845, estaba limitada ós moderados e a Unión Liberal de O'Donnell, utilizándose os métodos represivos fronte ós progresistas, demócratas e republicanos. A impopularidade da raíña ía tamén en aumento. A Corte era vista como un niño de corrupción, desde o que unha camarilla controlaba o poder político.

Desde 1863 ata 1868 sucedéronse gobernos cada vez máis autoritarios. A oposición á camarilla da raíña crecía, mentres a axitación popular aumentaba. En 1865 a Universidade manifestouse contra o goberno protestando pola expulsión do republicano Castelar, que escribira un artigo criticando á raíña, rematando coa sanguenta *noite de San Daniel*, na que morreron varios estudiantes que daban unha serenata ó rector destituído.

En 1866 tivo lugar un novo pronunciamento progresista, fracasado, dirixido polo xeneral Prim -o heroe de África- que rematou con máis de 60 fusilados, sarxentos, cabos e soldados do cuartel de San Gil (Madrid)

En agosto de 1866 a oposición ó sistema, ante o fracaso das tentativas anteriores encabezadas só polos progresistas, decide unir as súas forzas no *Pacto de Ostende*, firmado por 16 exiliados.

O pacto era claramente antiisabelino e acordaron que

Napoleón Bonaparte acolle á Isabel II e ao pretendente carlista. Revista *La Flaca*. 1869

a nova forma de goberno sería decidida por unhas Cortes constituíntes elixidas por sufraxio universal. Trala morte de O'Donnell, os unionistas tamén se suman ó *Pacto*, o que implicaba un xiro á dereita, pero tamén o respaldo dos xenerais deste partido. Xenerais que foron desterrados polo novo xefe de goberno, González Bravo, cando coñeceu estes contactos.

Unha crise internacional do capitalismo, que se manifestou en España no afundimento de bancos e da Bolsa, veu agravar a situación do país, ó que hai que unir a crise da industria téxtil catalana e dous anos de malas colleitas, en 1867-68.

O movemento revolucionario estalou en setembro de 1868, seguindo o esquema xa clásico de todo pronunciamento: sublevación e formación de "xuntas" revolucionarias polos cidadáns. Iniciouse co pronunciamento da escuadra concentrada en Cádiz ó berro de *¡Viva España con honra!*

"Españois: A cidade de Cádiz, posta en armas con toda a súa provincia, coa Armada ancorada no porto e todo o departamento marítimo da Carraca, declara solemnemente que nega a súa obediencia ó Goberno que reside en Madrid, asegura que é leal intérprete dos cidadáns que, no longo exercicio da paciencia, non teñan perdido a dignidade, e resolta a non depoñer as armas ata que a nación recobre a súa soberanía, manifeste a súa vontade e se cumpra. (...)

Aldraxada a lei fundamental; convertida antes en calabozo que en defensa do cidadán; corrompido o sufraxio pola ameaza do suborno; dependente a seguridade individual, non do dereito propio, senón da irresponsable vontade de calquera das autoridades; morto o municipio; pasto a Administración e a facenda da inmoralidade; tiranizada a ensinanza; muda a prensa (...) tal é a España de hoxe. Españois, ¿quen a aborrece tanto que se atreva a exclamar: "Así ten que ser sempre"?

Non, non será. Xa basta de escándalos.

Desde estas murallas, sempre fieis a nosa liberdade e independencia; deposto todo interese de partido; atentos só ó ben xeral, chamámosvos a todos a que sexades partícipes da gloria de realizalo. (...)

Non tratamos de deslindar os campos políticos; a nosa empresa é máis alta e sinxela: pelexamos pola existencia e o decoro.

Queremos que unha legalidade común, por todos creada, teña implícito e constante o respecto de todos. (...)

Queremos vivir a vida da honra e da liberdade.

Queremos que un goberno provisional que represente todas as forzas vivas do país asegure a orde, en tanto que o sufraxio universal bota os cementos da nosa rexeneración social e política. (...).

¡Viva España con honra! Cádiz, 19 de setembro de 1868

Manifesto da revolución española de 1868

O levantamento militar foi masivamente secundado polos cidadáns, que xa constituíran xuntas polos pobos e cidades. Polos seus manifestos que, ó igual que en 1808 foron lidos nas prazas e publicados na prensa, sabemos cales eran as aspiracións populares. Unha suma de dereitos políticos e reivindicacións sociais que constituían todo un programa democrático: Cortes Constituíntes; sufraxio universal; liberdade de asociación, reunión, imprenta, relixiosa e de ensino; supresión das quintas, da pena de morte e dos impostos de portas e de consumos. Eran unhas reivindicacións moito máis amplas e radicais que as dos xenerais que encabezaron o pronunciamento.

"Aspiramos á liberdade de conciencia (...). Imos, pois, a establecer a liberdade de cultos.

Aspiramos á liberdade de sufraxio (...) proclamamos o sufraxio universal.

Aspiramos á liberdade da razón, e queremos o ensino libre, e que o pensamento escrito circule sen traba.

Aspiramos, en fin, á liberdade económica e de asociación. (...)

Negamos ó poder público o dereito sobre a vida, e abolimos a pena de morte.

Negamos ó Estado o dereito de impoñer contribucións sobre os elementos de subsistencia do pobo, e anulamos a contribución de consumos.

Negamos o deber de servir ó Estado forzosamente, suprimindo as quintas e as matrículas de mar.

Queremos Cortes Constituíntes, expresión fiel da soberanía da Nación, para que promulguen unha Constitución. (...)

Queremos que a xustiza sexa unha verdade, desaparecendo tódolos fueros privilexiados, incluso o eclesiástico.

Queremos a descentralización, a reducción de provincias e de bispados, o matrimonio civil e os tribunais colexiados, o xurado para o criminal e a inviolabilidade do domicilio. (...)

Cidadáns: ¡Viva a liberdade! ¡Viva a Soberanía Nacional! ¡Abaixo os Borbóns!"

Proclama da Xunta de Goberno da provincia de Málaga, 27 de setembro de 1868.

Como comprobamos nos textos as aspiracións das distintas forzas sociais que participaron na revolución son distintas. Os progresistas, encabezados por Prim, só pretendían derrubar ó goberno, os republicanos radicais pretendían ademais derrubar á monarquía e os campesiños e obreiros pretendían unha sociedade máis xusta, o que implicaba cambios económicos e sociais. Ás diferencias existentes entre os partidos que firmaran o Pacto de Ostende, pronto se engadiu o conflito entre os desexos frustrados das masas populares participantes na revolución, e a defensa da orde social establecida por parte da burguesía que dirixía a vida política.

"Cando en decembro de 1868, Elías Reclús percorra Andalucía acompañando a Fernando Garrido nunha viaxe de propaganda republicana, verá en Xerez un conflito revelador:

"O primeiro impreso que limos ó chegar a Xerez era unha protesta do comité republicano da cidade contra un tal Caro, que no curso dunha manifestación celebrada o domingo anterior, arengara ó pobo, excitando á guerra dos pobres contra os ricos. Caro violara a consigna establecida polo Partido Republicano de aprazar a cuestión social ata despois de implantada a República". Ó cabo de dous días, será espectador en Alora do desconcerto dos campesiños, que acudiran a escoitar a Garrido coas súas escopetas. "Os cidadáns reunidos en Alora eran incapaces de explicarse que se lles convocara nada máis que para escoitar uns discursos e logo volver tranquilamente as súas casas. A súa intención era liberar do cárcere ós correlixionarios que estaban nela por devoción á República...". Tan só as ameazas de Garrido puideron disuadilos: "Eu estarei a carón da Garda Civil -lles dixo- para defender contra o voso ataque as portas do cárcere"."

Fontana, *Cambio económico y actitudes políticas en la España del siglo XIX,* px. 133-134.

O Goberno provisional



Prim e o seu goberno. 1870

A Xunta de Madrid tomou a iniciativa de concederlle o poder supremo ó xeneral Serrano. Este formou un goberno provisional integrado por progresistas e unionistas (que se pronunciaron a favor da monarquía), excluíndo ós demócratas.

Tiña ao xeneral Prim no ministerio da Guerra. Unha das primeiras medidas tomadas polo goberno foi desarmar ós *Voluntarios de la Libertad*, que se formaran, a xeito de milicia nacional, para defender a revolución. O 25 de outubro dirixiron un Manifesto á Nación no que recollían os programas das Xuntas -ás que privara de todo poder- , pero sen aludir a ningún cambio en cuestións económicas.

"Destruído o obstáculo e expedito o camiño, a revolución estableceu o sufraxio universal como a demostración máis evidente e palpable da soberanía do pobo. (...)

(...) pasa o Goberno provisional a compendiar nun só corpo de doutrinas estas manifestacións do espírito público.

A máis importante de todas, pola alteración esencial que introduce na organización secular de España, é a relativa á formulación da liberdade relixiosa. A corrente dos tempos, que todo o modifica e renova (...) fai que a Nación española teña que admitir forzosamente un principio, contra o cal é inútil toda resistencia. Non se vulnerará a fe fondamente arraigada, porque autoricemos o libre e tranquilo exercicio doutros cultos en presencia do católico; antes ben, fortificarase no combate, e rexeitará co estímulo as invasións da indiferenza relixiosa que tanto postran e debilitan o sentimento moral.

A liberdade de ensinanza e outra das reformas cardinais que a revolución proclamou e que o Goberno Provisional apresurouse a satisfacer sen perda de tempo. Os excesos cometidos nos últimos anos pola reacción desenfreada e cega contra as espontáneas manifestacións do entendemento humano, botado da cátedra sen respecto ós dereito legais e lexislativamente adquiridos e perseguidos ata o santuario do fogar e da conciencia; (...) deron ó Goberno provisional a norma para resolver a cuestión do ensino.

E como natural resultado da liberdade de ensino, a revolución proclamou tamén a liberdade de imprenta, sen a cal aquelas conquistas non serían máis que fórmulas ilusorias e vans. (...)

As liberdades de reunión e de asociación pacífica, perennes fontes de actividade e progreso, foron así mesmo recoñecidas como dogmas fundamentais da nación española. Nestas loitas de opinións encontradas, intereses opostos e manifestacións distintas, que tenden a abrirse paso por medio da publicidade e da propaganda, aprenden as nacións varonís a rexerse por si mesmas. (...)

Así poderá avanzar España con planta resolta, porque tampouco pesará sobre ela a rede dunha centralización administrativa asfixiadora que foi o instrumento artificioso do que se valeron para confundila e extenuala a corrupción e a tiranía. O individuo, o municipio, a provincia e a nación poderán desenvolverse independentemente dentro da órbita que lles é propia, sen que a intervención receosa do Estado coarte as súas facultades nin perturbe no máis mínimo as súas manifestacións."

Manifesto do Goberno Provisional, 25 de outubro de 1868

O Manifesto recolle a proclamación dunha serie de liberdades (recollidas despois na Constitución de 1869) defendidas con argumentos un tanto intrincados, que son os que nos permiten ver a postura do Goberno ante os mesmos tendo en conta o contexto histórico no que se enmarca o documento.

A liberdade relixiosa é a máis innovadora. Consciente o Goberno Provisional disto, e da conflictividade que podería carrexar xustifícase cunha serie argumentos, que queren impedir que se vexa a medida como contraria a relixión ou o clero. Sen embargo, a liberdade relixiosa foi a que máis resistencias tivo e provocou un conflicto coa Igrexa, e ademais, contribuíu a unidade da reacción católica en torno ó Partido Carlista. A liberdade de ensino recóllese dunha maneira moito máis radical, aludindo a expulsión dos profesores krausistas e á represión dos derradeiros anos de reinado de Isabel II. Durante o sexenio, a liberdade de creación de centros adquirirá o máximo recoñecemento. Recolle ademais outras liberdades —de imprenta, de reunión e asociación pacífica— e promete unha política descentralizadora para contentar ós republicanos.

As constituíntes

As eleccións para Cortes Constituíntes, nas que por primeira vez puideron votar tódolos varóns españois maiores de 25 anos, configuraron un parlamento representativo das forzas participantes na Revolución: unha minoría de "dereitas" —carlistas e isabelinos— ; un "centro"— con 245 deputados progresistas, unionistas e demócratas dirixidos por Prim, Sagasta e Ruiz Zorrilla; e unha "esquerda" con 70 deputados republicanos federais. Estas Cortes elaboraron e aprobaron a Constitución máis democrática da Europa do momento. Sen embargo, non todos estaban a favor do sufraxio universal. Esta é a opinión que tiña sobre o tema o ex-ministro isabelino e artífice da Restauración, Cánovas del Castillo:



"¿É tan claro que teña dereito a votar os impostos que pesan sobre os demais o que non contribúa a eles cunha mínima parte sequera? ¿É tan de dereito natural esto? Dadas as ideas sobre a propiedade que todos temos e debemos ter; dada a noción exacta do teu e do meu, ¿é por ventura evidente que deba enviar representantes aquí a dispoñer do que tedes, da cantidade, da forma e do tempo no que debedes dalo, o que non participa cos máis de vosoutros en maneira algunha da obriga de soster as cargas do país? ¿É tan evidente, Sres. deputados, por outra parte, o que deba contribuír a crear o dereito quen non o coñece, nin o comprende, nin pode comprendelo nin coñecelo? ¿Acaso é tan claro o concepto de dereito en si mesmo, ou nas súas manifestacións, ou na súa realización humana, que está ó alcance de calquera?"

Cánovas del Castillo, *Diario de sesións das Cortes*, 8 de abril de 1869.

A Constitución de 1869

O carácter democrático da Constitución amósase en primeiro lugar no recoñecemento do sufraxio universal —masculino—, pero ademais engádese a ampla declaración de dereitos e unha vontade de cambiar a estructura centralista e arbitraria levantada polos moderados, intentando evitar os excesos autoritarios do réxime anterior. Os dereitos recollidos no título I comprenden case a terceira parte do total de artigos. Regúlanse de maneira detallada para impedir que poidan ser recortados por leis posteriores, e contén garantías importantes para o seu respecto (sancións para os funcionarios e indemnizacións ós cidadáns —art. 9 e 10—; esixencia dunha lei para a suspensión temporal de certos dereitos —art. 31—, contra a práctica continua dos moderados).

Xunto á regulación dos dereitos —moitos deles recollidos na Constitución non promulgada de 1856— o texto de 1869 recolle dereitos ata entón non recoñecidos nas anteriores constitucións, como a inviolabilidade da correspondencia, a liberdade de traballo para os estranxeiros, a gran extensión do libre pensamento e sobre todo recolle por vez primeira os dereitos de reunión e asociación (art. 17), que xunto ó sufraxio universal contribuíu de maneira decisiva á politización dos traballadores. Tamén recibe un tratamento avanzado a cuestión relixiosa: liberdade de cultos privado e público e mantemento polo Estado do culto e do clero (art. 21).

A regulación das institucións encabézase co recoñecemento da soberanía nacional como orixe de todo o poder, mesmo o da monarquía. A división de poderes e a descentralización son os principios que rexen a organización do Estado (art. 34-37). O centro de poder reside nas Cortes, sen ningunha dúbida, formadas polo Congreso e o Senado. O primeiro é elixido por sufraxio universal e directo, un representante por cada 40.000 persoas e os candidatos non precisan ningunha condición para selo. O Senado é elixido tamén por sufraxio universal, pero indirecto e os candidatos deben ter 40 anos e ter desempeñado funcións públicas importantes, ou posuír titulación superior ou estar entre os grandes propietarios agrarios ou industriais. Hai catro por provincia. O Senado ten certo carácter de representación territorial á vez que unha natureza conservadora, tanto no sistema indirecto de elección, como nas condicións dos candidatos.

Ademais das funcións lexislativas, as Cortes teñen facultades importantes, pero o máis destacado son as medidas para non ser restrinxidas nin polo goberno nin polo rei. Por exemplo, sen a súa aprobación nin o goberno nin ningún funcionario pode cobrar impostos (art. 15), e os prazos mínimos de reunión e data tope para ser convocadas están establecidos (art.43). Ademais exercen o control parlamentario do goberno (art. 53).

O rei aparece coma un rei constitucional, sendo os ministros os encargados de exercitar as súas facultades (art. 67 e 87).

O poder xudicial, proclamado en tódalas constitucións anteriores, é regulado por vez primeira, separando ós xuíces do poder executivo por medio do sistema de oposicións para o ingreso na carreira xudicial e a creación dun Consello de Estado para os traslados e demais cuestións xudiciais. Establécese ademais o xuízo por xurados.

A Nación Española, e no seu nome as Cortes Constituíntes, elixidas por sufraxio universal, desexando afianzar a xustiza, a liberdade e a seguridade, e prover o ben de cantos vivan en España, decretan e sancionan a seguinte

CONSTITUCIÓN

TÍTULO I. Dos españois e os seus dereitos

Art. 3. Todo detido será posto en liberdade ou entregado á autoridade xudicial dentro das vintecatro horas seguintes ó acto de detención (...).

Art. 4. Ningún español poderá ser preso senón en virtude de mandamento de xuíz competente (...).

Art. 5. Ninguén poderá entrar no domicilio dun español ou estranxeiro residente en España sen o seu consentimento (...) só porá decretarse por xuíz competente.

Art. 14. Ninguén pode ser expropiado dos seus bens senón por causa de utilidade común e en virtude de mandamento xudicial, que non se executará sen previa indemnización (...).

Art. 16. Ningún español que se atope no pleno goce das súas facultades civís poderá ser privado do dereito a votar (...).

Art. 17. Tampouco pode ser privado ningún español: Do dereito de emitir libremente as súas ideas e opinións, xa de palabra, xa por escrito (...). Do dereito de reunirse pacificamente. Do dereito de asociarse para tódolos fins da vida humana que non sexan contrarios á moral pública (...). Do dereito de dirixir peticións ás Cortes, ó Rei e ás autoridades.

Art. 21. A nación obrígase a manter o culto e os ministros da Relixión católica. O exercicio público ou privado de calquera outro culto queda garantido a todos os estranxeiros residentes en España, sen máis limitacións que as regras universais da moral e do dereito. Se algúns españois profesasen outra relixión que a católica, é aplicable ós mesmos todo o disposto no paragrafo anterior.

Art. 30. Non será necesaria a previa autorización para procesar ante os tribunais ordinarios ós funcionarios públicos, calquera que sexa o delicto que cometesen.

TÍTULO II. Dos poderes públicos

Art. 32. A soberanía reside esencialmente na nación, da cal emanan tódolos poderes.

Art. 33. A forma de goberno da Nación Española é a Monarquía.

Art. 34. A potestade de facer as leis reside nas Cortes. O Rei sanciona e promulga as leis.

Art. 35. O poder executivo reside no Rei, que o exerce por medio dos ministros.

Art. 36. Os tribunais exercen o poder xudicial.

TÍTULO III. Do poder lexislativo

Art. 38. As Cortes compóñense de dous Corpos de lexisladores, a saber: Senado e Congreso. Ambos son iguais en facultades (...).

Art. 54. A iniciativa das leis corresponde ó Rei e a cada un dos Corpos colexisladores.

Art. 66. Para ser elixido deputado requírese ser español, maior de idade e gozar dos dereitos civís.

Constitución española de 1 de xuño de 1869.

O fracaso da monarquía constitucional

Aprobada a Constitución, Serrano foi nomeado rexente e Prim, o home forte da situación, xefe de Goberno. Os problemas ós que debería facer fronte eran moi graves: busca dun candidato para o trono; a resposta ás demandas populares de abolicións dos impostos e quintas (os gobernantes prometeran a súa abolición); a solución á rebelión cubana, iniciada en 1868.

Á procura dun novo rei. Prensa satírica 1869

Todas estas cuestións requirían un goberno apoiado por forzas amplas e unidas. Ó contrario, cada problema agudizou aínda máis as divisións. Os partidos políticos mostráronse incapaces de formar unha alianza duradeira tras a aprobación da Constitución. Progresistas, unionistas e demócratas monárquicos, que formaran a maioría, fóronse separando progresivamente.

Xa no verán de 1869, unha parte dos republicanos, os chamados “intransixentes”, frustrados pola falta de atención á “cuestión social” promoveron unha serie de sublevacións xeneralizadas. A situación dos obreiros e dos campesiños estaba detrás dos motíns. No outro extremo, os carlistas xa se preparaban para tomar as armas.

O novo rei: Amadeo de Savoia

A candidatura ó trono tamén dividiu ós partidos e non se conseguiu un candidato ata un ano despois de terse votado a Constitución, tras múltiples negociacións coas nacións europeas. Prim atopou a mellor solución na dinastía reinante en Italia, os Savoia. En principio, o novo rei era unha garantía de respecto ó liberalismo e a Constitución, pero o apoio que recibiu nas Cortes foi moi feble para tan fundamental cuestión: 191 votos contra 120. Tres días antes da chegada do novo rei, o 30 de decembro de 1870, o seu principal valedor, o xeneral Prim, caía asasinado sen que xamais se atopase ós asasinos. O seguinte texto expresa as dúbidas dos políticos sobre o candidato a rei de España.

> “... En honor á verdade, e dito sexa de paso para os dous sos, mellor nos vería Leopoldo que Aosta, non porque este non sexa tan digno como aquel, senón porque despois do ocorrido, satisfaría máis o Príncipe alemán que o Príncipe italiano. O primeiro abriría novos horizontes a nosa política que dubido poida abrir o Duque de Aosta. Pero como sobre todo o que necesitabamos era un candidato para o alto cargo e todos eran aceptables, tiñamos que escoller o que para esa época estiverse disposto a aceptar.”
>
> Romanones, 1871

Amadeo I ante o cadaleito de Prim. 1870 A. Gisbert

Asasinato de Prim na prensa da época:

"... Non; o crime e o crime nas condicións no que se cometeu o de onte pola noite non ten opinión, non ten amparo baixo ningunha bandeira política; é a explosión dos instintos máis feroces, a manifestación brutal das almas viles (...)

... o presidente do Consello de Ministros saíu a noite ás sete e media do Congreso dirixíndose nunha carruaxe ó Ministerio de la Guerra (...) Ó chegar á rúa do Turco atopáronse dous coches detidos ó final da mesma.

A carruaxe do xeneral houbo de deterse ante aquel atranco ó parecer causal. Para ver o que sucedía asomouse o axudante Sr. Moya. Viu tres homes vestidos con camisas que apuntaban carabinas e non tivo tempo para dicir máis que ¡Bájese V. mi general que nos hacen fuego!

El Imparcial, 28 de decembro de 1870

O 3 de xaneiro, Amadeo xuraba a Constitución. O presidente da Cámara, Ruiz Zorrilla, afirmou no seu discurso: "*O futuro de España será máis ou menos borrascoso, pero de tódolos xeitos, non será tranquilo*". O xornal satírico La Flaca anotaba: "*Estas palabras, pronunciadas cinco minutos despois do xuramento do rei, equivalen a saudar unha festividade cun toque de defuntos*".

A crise dos partidos

Na coalición gobernante os personalismos dominaban sobre o consenso. Había tantas fraccións nas Cortes que ata grupos de sete ou oito deputados críanse en situación de pretender o poder. A sorte de Amadeo quedou ligada sobre todo ó Partido Progresista, que estaba fondamente dividido entre os partidarios de Sagasta, que só pretendían conservar as conquistas da revolución e os partidarios de Ruiz Zorrilla partidarios de reformas moderadas.

"A dinastía de Savoia veu a España apoiada polo elemento revolucionario composto das fraccións progresista e demócrata e dunha parte da antiga Unión Liberal, hoxe conservadores da revolución con Serrano e Topete.

Están divididos estes partidos ata o punto que se fai imposible toda conciliación e só apoiará á dinastía italiana a que teña o poder. Se este queda en mans dos conservadores revolucionarios sen ter o apoio das clases conservadoras, terá enfronte ós progresistas demócratas, afonsinos, carlistas e republicanos, e non poderá sosterse; se o goberno vai a Ruiz Zorrilla, andará a revolución sen dirección e sen freo cara a República. En ambos casos a monarquía italiana está morta, o choque entre os que se disputan o poder será forte porque lles acompaña o despeito e a vinganza, eles desfanse, non hai que dubidalo."

Comentario do duque de Baena a Isabel II, novembro de 1871

Os personalismos e as loitas de poder nas agrupacións de notables, xa que os partidos estaban formados só por un pequeno grupo de dirixentes, fixéronse especialmente visibles nos varios procesos electorais que tiveron lugar durante a



A renuncia do rei Amadeo de Savoia deu paso á I República española

breve monarquía. Nun primeiro momento optouse por gobernos de coalición. O primeiro goberno tivo a tarefa de organizar as primeiras eleccións para Cortes ordinarias tras a revolución. Unha novidade no proceso electoral é que mediante unha nova lei volvíase os distritos electorais da época moderada, en cada un dos cales se elixía un deputado, co que se potenciaba a representación da España rural fronte ás cidades, e quedaba o goberno en mellores condicións para manipular o proceso. Sobre todo cando no ministerio de Gobernación estaba Sagasta, e xunto a el o que sería gran manipulador electoral da Restauración: Romero Robledo. O resultado electoral, *naturalmente*, deu unha ampla maioría gobernamental, aínda que con significativas minorías de carlistas e republicanos.

"A revolución de setembro de 1868 introduciu en España o sufraxio universal, e no que afecta ó noso propósito, sinala un aumento da criminalidade de tódalas clases, significase en maior escala a presión a presión gobernamental e a da clase patronal sobre os obreiros, aínda non organizados, e a dos propietarios sobre os arrendatarios ou a masa de xornaleiros do campo...

A suplantación de electores nas grandes capitais lévase ó último límite, tanto que non só aparecen votando mortos e ausentes, senón que, en certas cidades, os obreiros das fábricas poden emitir o seu sufraxio en tres seccións distintas con toda impunidade... A masa de electores pobres confórmanse con que se lle dera de comer e se lles pagase o xornal do día que ían a votar, porque hai que advertir que as eleccións de entón duraban máis de un día e non era preceptivo que fose domingo."

Circular Fiscalía do Tribunal Supremo, 14 de febreiro de 1918

Desde a dimisión do xeneral Serrano como Presidente do Goberno (21 de xullo) sucedéronse unha serie de efémeros gobernos. Neste período prodúcese a ruptura definitiva do Partido Progresista, falto dun líder recoñecido por todos como era Prim, en dúas tendencias: democrático-conservadora a de Sagasta e radical-republicana a de Ruiz Zorrilla. Este foi o derradeiro Presidente de Goberno de Amádeo organizou as eleccións máis limpas do período (aínda que se mantiñan as altas porcentaxes de

abstención, un 54 %), onde os resultados demostraron un importante avance do republicanismo, presente tamén en membros do Partido Radical gañador.

O rei, ante o deterioro da situación política (e outras cuestións, como a guerra carlista e a incidencia da Primeira Internacional, que agora estudiaremos) presentou a abdicación ó trono:

"Grande foi a honra que merecín á nación española elixíndome para ocupar o seu trono; honra tanto por min máis apreciada porque se me ofrecía rodeada de dificultades e perigos que leva consigo a empresa de gobernar un país tan fondamente perturbado.

Alentado, sen embargo, pola resolución da miña propia raza, que antes busca que esquiva o perigo, decidido a inspirarme unicamente no ben do país e a colocarme por riba de tódolos partidos, resolto a cumprir relixiosamente o xuramento por min prestado ante as Cortes constituíntes (...) crin que a curta experiencia da miña vida na arte de mandar sería suplida pola lealdade do meu carácter, e que atoparía poderosa axuda para conxurar os perigos e vencer as dificultades que non se ocultaban a miña vista, nas simpatías de todos os españois amantes da patria, desexosos xa de poñer remate ás sanguentas e estériles loitas que fai tanto tempo esgazan as súas entrañas.

Coñezo que me enganou o meu bo desexo. Dous anos longos hai que cíngoo a coroa de España, e a España vive en constante loita, vendo cada día máis distante a era da paz que tanto desexo. Se foran estranxeiros os inimigos da súa felicidade, entón, á fronte destes soldados tan valentes como sufridos, sería o primeiro en combatelos; pero todos os que coa espada, coa pluma, coa palabra agravan e perpetúan os males da nación, son españois; todos invocan o doce nome da patria, todos pelexan e se axitan polo seu ben; e entre o fragor do combate, entre o confuso atronador e contradictorio clamor dos partidos, entre tantas e tan opostas manifestacións da opinión pública, é imposible afirmar cal é a verdadeira, e máis imposible aínda atopar o remedio para tamaños males.

Busqueinos dentro da lei ansiosamente e non o atopei. Fóra da lei non ha buscalo quen prometeu observala.

Ninguén achacará á fraqueza do meu ánimo a miña resolución. Non habería perigo que me movera a descinguirme a coroa, se crese que a levaba para ben dos españois; nin causou mela no meu ánimo o que correu a vida da miña augusta esposa, que en este solemne momento manifesta como eu o vivo desexo de que no seu día se indulte ós autores de aquel atentado. Pero teño hoxe a firmísima convicción de que serán estériles os meus esforzos e irrealizables os meus propósitos.

Estes son, señores deputados, as razóns que me moven a devolver á nación, e no seu nome a vosoutros, a Coroa que me ofreceu o voto nacional, facendo esta renuncia por min, os meus fillos e sucesores(...)"

Amadeo-Palacio de Madrid, 11 de febreiro de 1873

O Movemento Obreiro e a I Internacional

O movemento obreiro español, deixando a parte as moi limitadas actividades correspondentes ó reinado de Isabel II (sobre todo en Barcelona), xorde como consecuencia de dúas iniciativas complementarias: o recoñecemento do dereito de asociación polo goberno provisional e a acción propagandista dos medios internacionalistas do exterior. A Asociación Internacional dos Traballadores, pouco despois da caída de Isabel II, enviou a España a Fanelli, seguidor da ideas anarquistas de Bakunin. Este contactou con grupos de obreiros de Barcelona e Madrid en xuño de 1870 creábase nun congreso celebrado en Barcelona a Federación Rexional Española da A.I.T.

A escisión da Internacional entre anarquistas e marxistas tamén repercutirá en España. A maioría dos grupos apoiaron as ideas anarquistas, e só un pequeno grupo de Madrid (no que estaba Pablo Iglesias) apoiou as teses marxistas. Os partidarios do apoliticismo e da organización da sociedade como "unha libre federación de libres asociacións obreiras e agrícolas" triunfaron sobre os partidarios da acción política. No

II Congreso, celebrado en Zaragoza en abril de 1872, consumouse a escisión. A peculiaridade do movemento obreiro en España vén da forte implantación anarquista, ata o punto de que as súas asociacións chegaron a ser as máis importantes do mundo. Outra diferencia foi a expansión do movemento por Andalucía e Estremadura, unindo ós obreiros da industria e ós xornaleiros do campo.

"A Alianza declárase atea, quere a abolición dos cultos, a substitución da fe pola ciencia e da xustiza divina pola xustiza humana. A Alianza quere ante todo a abolición completa e definitiva das clases e a igualdade económica e social dos individuos de ambos sexos. Para chegar a este obxecto, quere a abolición da propiedade individual e do dereito a herdar (...) Inimiga de todo despotismo, non recoñece ningunha forma de Estado, e rexeita toda acción revolucionaria que non teña por obxecto inmediato e directo o triunfo da causa dos traballadores co capital; pois quere que tódolos Estados políticos e autoritarios actualmente existentes se reduzan a simples funcións administrativas dos servicios públicos, establecéndose a unión universal das libres asociacións, tanto agrícolas como industriais."

Programa da Alianza da Democracia Socialista. Anselmo Lorenzo*: El proletariado militante*, 1872

A pesar da formación dos primeiros grupos obreiros, a masa obreira apoiaba nos inicios do Sexenio ós demócratas e seguía convencida de que a República era o réxime ideal no que se solucionarían tódolos problemas políticos e sociais

A sublevación carlista

O carlismo, moi debilitado a finais da etapa isabelina, viu crecer as súas filas co apoio que vai recibir da Igrexa e das asociacións católicas descontentas coa nova situación. A perda material que supuña unha nova desamortización e a espiritual debida á proclamación da liberdade de cultos foron as causas dese descontento. O resultado da alianza de carlistas e *neocatólicos* foi unha grande campaña de propaganda, mediante a prensa, fotografías do pretendente carlista Carlos e libros e obxectos diversos, destinados a presentar a Carlos VII coma o candidato máis idóneo ó trono.



Sátira contra os carlistas*. La Flaca*, 1870

Ante o fracaso da súa pretensión, no verán de 1872, iniciouse a loita armada que tivo como escenario os tradicionais reductos carlistas do País Vasco, Navarra e Cataluña. Pero a posibilidade de éxito da aventura militar carlista era nula. As cidades serán, de novo, liberais e o apoio ó carlismo limítase ó mundo rural. A fronteira máxima do territorio controlado polo carlismo chegou como moito ó Ebro, en Navarra e ó Prepirineo en Cataluña. En febreiro de 1876 remataba a guerra despois da sucesiva ocupación do territorio carlista polas tropas encabezadas polo novo rei, Alfonso XII.

"APODERÁDEVOS das Anteiglesias, Vilas, Cidades, Vales e Concellos do meu Señorío de Biscaia:

É tan grande o gozo que experimento despois de ter xurado espontaneamente os vosos fueros, bos usos e costumes, como impoñente e maxestoso o espectáculo que dades a Europa, proclamando solemnemente a voso lexítimo Señor baixo a árbore sagrada de vosas veneradas liberdades.

Gracia vos dou no meu nome e gracias en nome da católica España, que enérxica e porfiadamente pelexa en favor da miña Causa, que é a de Deus e a da Patria.

Deus, que nunca abandona ós que pola súa Causa pelexan, daranos o triunfo en non moi remoto prazo e con el a inspiración de toda a miña vida, a fortuna e o acerto necesarios para facer a España grande e feliz entre todos os pobos da terra."

Discurso de Carlos VII, despois de xurar os Fueros vascos na Junta General da Guernica (xullo de 1875)

A I República

O 11 de febreiro de 1873, coñecida a abdicación do Rei, o Congreso e o Senado xuntos proclamaron a República. O novo réxime durou moi pouco; axiña se manifestaron tódolos conflitos que xa viñan de atrás.

Os partidos políticos

Os republicanos proceden do Partido Demócrata, que aglutinou ós partidarios da liberdade e da soberanía nacional desde 1854 ata 1868; atopáronse a súa chegada ó poder divididos en federalistas e unitarios. O seus membros eran fundamentalmente burgueses e intelectuais.

• **Partido Radical** estaba formado polos escindidos do Partido Progresista, encabezados por Ruiz Zorrilla. A súa principal aspiración será conseguir continuamente as máximas liberdades posibles, expresadas dun modo xenérico. En principio non foron abertamente republicanos, non obstante a República era a forma de goberno que contaba con maiores simpatías nas súas filas. Apoiaron ós republicanos unitarios.

• **Partido Republicano Unitario**. Formouse no ano 1870 manifestando a súa fidelidade ós principios de 1869 e rachando con toda vinculación co federalismo. Durante a República manifestaran claramente o seu carácter burgués conservador: "*A revolución política está feita e rexeitamos en todo as reformas socialistas, porque son a negación da liberdade e do progreso*".

• **Partido Republicano**. Os federais pretendían unha política de cambios profundos: separación da Igrexa e o Estado; configuración da República española coma unha Federación de Estados; creación dun exército de voluntarios, etc. A súa base social estaba formada por pequenos burgueses (comerciantes, intelectuais, artesáns, empregados, etc.) pero tamén por obreiros e xornaleiros andaluces e estremeños. A idea que se facían estes últimos da República Federal mesturaba o "federal" co "social" (posesión da terra), o que era incompatible co reformismo dos burgueses.

Hai tamén que indicar a presencia dun grupo**, os alfonsinos**. Non eran un partido político pero terán moita relevancia no futuro próximo. A partir xa de 1871 agrupáronse en torno a Cánovas. Rexeitaban, tanto a monarquía de Amadeo, como o carlismo, como —por suposto— a República. Pretendían a *restauración* dos Borbóns na figura de Afonso, fillo de Isabel II (que xa abdicara nel). Entre os partidarios da restauración atopábase a alta nobreza de Madrid, xenerais como Martínez Campos e membros da alta burguesía catalana.

O proxecto de Constitución federal de 1873

As Cortes Constituíntes, con maioría federal, reunidas en xuño de 1873 proclamaron a República federal (coa oposición dos unitarios) e o primeiro presidente da República, Figueras, foi substituído polo federalista Pi y Margall. Estas Cortes elaboraron unha nova Constitución, que non puido ser aprobada. A súa maior novidade reside na estructura federal do Estado que propón (art. 39)

A declaración de dereitos é moi similar á de 1869, aínda que por vez primeira na nosa historia se menciona a soberanía popular (art. 42). Ós tres poderes clásicos engádese o do presidente da República, o chamado poder relacional (art. 49), que é quen nomea o goberno, pero a función executiva corresponde integramente ó goberno, sen que poida intervir o presidente. A función deste é manter a unión e o equilibrio entre os distintos Estados que forman a Federación.

As Cortes están formadas por dúas cámaras con diferentes poderes. O Congreso, con membros elixidos á razón de un por cada 50.000 habitantes posuía poderes lexislativos superiores ó Senado. Este formábase por con catro representantes por cada Estado, á marxe da poboación que tivesen. Carecía de iniciativa lexislativa e tiña voto suspensivo das leis por un ou dous anos se coincidía co veto do presidente da República. Para nomear o presidente da República os lectores elixen en cada estado unha xunta composta do dobre de individuos dos que envían ó Congreso e o Senado. As xuntas, reunidas na capital de cada Estado, designan ó presidente e o vicepresidente mediante votación.

O sistema xudicial tiña tres caracteres importantes: grande extensión do xuízo por xurados, ausencia de influencia do goberno no nomeamento dos xuíces (art. 48) e establecemento dun Tribunal Supremo, con competencia para resolver os conflictos entre os Estados e o control da constitucionalidade das leis.

A federación estaba integrada por dezasete Estados e varios territorios (art. 1 e 2), que se correspondían ás colonias, con excepción de Cuba e Puerto Rico, que se consideraban Estados. Estes correspondían ás rexións históricas españolas, coa ausencia de León. Cada Estado podía elaborar a súa propia Constitución, tiña os seus órganos lexislativos, executivos e xudiciais e podía organizarse con liberdade a condición de respectar a Constitución federal.

"A Nación Española, reunida en Cortes Constituíntes, desexando asegurar a liberdade, cumprir a xustiza e realizar o fin humano a que está chamada a civilización, decreta e sanciona o seguinte Código fundamental:

Art. 1. Compoñen a Nación Española os Estados de Andalucía Alta, Andalucía Baixa, Aragón, Asturias, Baleares, Canarias, Castilla la Nueva, Castilla la Vieja, Cataluña, Cuba, Extremadura, Galicia, Murcia, Navarra, Puerto Rico, Valencia, Regiones Vascongadas.

Os Estados poderán conservar as actuais provincias ou modificalas, segundo as necesidades territoriais.

Art. 2. As illas Filipinas, de Fernando Poo, Annobón, Corisco, e os establecementos de África, compoñen territorios que, a medida dos seus progresos, elevaranse a Estados polos Poderes Públicos.

Art. 39. A forma de goberno da Nación española é a República federal.

Art. 41. Tódolos poderes son electivos, amovibles e responsables.

Art. 42. A soberanía reside en todos os cidadáns, e exércese en representación súa polos organismos políticos da República constituída por medio do sufraxio universal.

Art. 43. Estes organismos son: o Municipio, o Estado rexional, o Estado federal ou Nación.

Art. 45. O Poder da Federación divídese en Poder lexislativo, Poder executivo, Poder xudicial e Poer de relación entre estes Poderes.

Art. 46. O Poder lexislativo será exercido exclusivamente polas Cortes.

Art. 47. O poder executivo será exercido polos Ministros.

Art. 48. O Poder xudicial será exercido por xurados e xuíces, dos que o nomeamento non dependerá xamais dos outros Poderes públicos.

Art. 49. O Poder de relación será exercido polo Presidente da República.

Proxecto de Constitución federal de 1873

A revolución cantonalista

Mentres se discutía e aprobaba nas Cortes a Constitución, os federais de provincias, partidarios dunha confederación, deciden tomar a iniciativa constituíndose en cantóns. No movemento insurreccional participan federais, pero tamén as agrupacións obreiras federalistas. Cartaxena foi a primeira en declararse cantón independente, seguida por outras cidades de Andalucía e Valencia.

"A Xunta Revolucionaria ó pobo:

As tropas gobernamentais entrando en Cartagena

vontade da maioría do pobo republicano desta localidade constituímos a Xunta de Saúde Pública da mesma, temos o deber imprescindible de facer unha declaración categórica dos nosos principios. Proclamada como forma de goberno para España a República Federal, o pobo republicano na súa inmensa maioría reclamaba, como imperiosamente esixían as circunstancias, que se organizase a federación, establecendo inmediatamente a división rexional dos cantóns (...)

Pero o pobo, ansiosísimo destas reformas, sedento desta redención tan desexada, vía prolongarse indefinidamente os seus momentos de agonía, vía ameazada a república dun golpe de morte e non vía no goberno nin na Cámara Constituínte unha predisposición para a inmediata execución destas reformas, e cre que sen elas, sen a súa instalación, perderase irremisiblemente o curto terreo adiantado, e, depositando o país nos seus gobernantes unha confianza que acaso puidesen no merecer, perderíase indubidablemente para moitísimos anos a liberdade desta terra de España. (...) as últimas medidas adoptadas polo actual ministro da Guerra, polas que se separou do mando das forzas públicas a militares adheridos a nova orde de cousas; fixeron comprender ó pobo que era a hora de salvar, de constituír a República Federal (...) Aquí non hai verdugos nin víctimas, opresores nin oprimidos, senón irmáns dispostos a sacrificarse pola liberdade e a felicidade dos seus concidadáns.

¡Viva a República federal! ¡Viva a soberanía do pobo!

Cartagena, 12 de xullo de 1873

Engels critica a participación anarquista na sublevación cantonal:

"Cando o tres de xullo se proclamou a nova Constitución, esta non ía tan lonxe como os intransixentes pretendían en canto a desmembración de España en "cantóns independentes". Así pois, os intransixentes organizaron ó momento alzamentos en provincias. Do 5 ó 11 de xullo, os intransixentes triunfaron en Sevilla, Córdoba, Granada, Málaga, Cádiz, Alcoy, Murcia, Cartagena, Valencia, etc., e instauraron en cada cidade un goberno cantonal independente. O 18 de xullo dimitiu Pi i Margall e foi substituído por Salmerón, quen inmediatamente lanzou ás tropas contra os insurrectos. (...)

A isto engadíase o que os bakunistas viñan predicando, que toda acción revolucionaria de arriba abaixo era perniciosa e que todo debía levarse a cabo e organizarse de abaixo arriba. E de aquí que agora presentábaselles a oportunidade de implantar de abaixo arriba, ó menos nunhas cantas cidades, o famoso principio da autonomía. (...)

Vexamos cal foi a posición dos internacionalistas bakunistas en todo este movemento. Axudaron a atomización federalista e realizaron o seu ideal de anarquía na medida do posible. (...) Formaban parte de todos os gobernos municipais revolucionarios de Andalucía, pero sempre en minoría, de modo que os intransixentes podían facer canto lles viñese en gana. (...)

O federalismo dos intransixentes e do seu apéndice bakunista consistía, precisamente, en deixar que cada cidade actuase pola súa conta e declaraba esencial, non a súa cooperación con outras cidades, senón a separación delas, co cal pechaba o paso a toda posibilidade dunha ofensiva xeral.

Engels: *Los bakunistas en acción*

O texto de Engels é moi crítico coa actitude dos anarquistas —dominantes nas asociacións obreiras españolas— que participaron xunto ós federais na insurrección cantonalista. A única cidade onde os acontecementos tiveron transcendencia pola participación obreira foi en Alcoy, unha das cidades industriais máis importantes de Valencia. Alí estaba situada a *Comisión Federal da Internacional*. Unha Asemblea obreira decidiu o 7 de xullo unha folga xeral pedindo melloras laborais. Os fabricantes rexeitaron as reivindicacións. Ante a oposición do alcalde, republicano federal (o que nos indica a distancia existente entre republicanos e internacionalistas), que mandou disparar á Garda Municipal contra os obreiros, estes executaron ó alcalde e a algúns gardas. Arderon moitas fábricas ata que un destacamento militar impuxo a orde cun balance de 16 mortos e 20 feridos.

Non houbo coordinación, nin un plan premeditado para todo o país, e a participación dos internacionalistas nos distintos cantóns foi completamente espontánea. Os sucesos de Alcoy e o cantonalismo en xeral levaron ó desencanto de moitos militantes cos proxectos insurreccionais, pero tamén serviron para que os líderes anarquistas viran reforzada a súa postura de apartarse de todos cantos pretendían transformar a sociedade mediante a participación política.

Enfrontamento entre unitarios e federalistas

O fracaso da República

O unitario Salmerón, que substituíra a Pi na presidencia, intentou facer fronte

á situación cun goberno autoritario: destituíu ás autoridades que simpatizaban co cantonalismo, mobilizou ó Exército e á Garda Civil baixo o mando de xenerais conservadores e derrotou ós cantóns, agás Cartagena. A dimisión de Salmerón, por negarse a firmar unhas penas de morte, deu paso a un goberno dirixido por Castelar, tamén unitario, que intentou crear unha república conservadora. Cando nas Cortes o seu goberno foi derrotado por unha alianza de esquerdas dirixida por Pi, as tropas ó mando do xeneral Pavía —reclamadas polos burgueses conservadores— deron un golpe de Estado e disolveron as Cortes.

"A crise política presentouse, pois, o 2 de xaneiro. As dúas da tarde ábrese a sesión. Os recursos oratorios de Castelar non impiden que a esquerda se reagrupe. O Goberno é derrotado por 120 votos contra 100. ¿Castelar ou Pi? ¿Dereita ou esquerda? A discusión prolóngase toda a noite. Son as sete da mañá do 3 de xaneiro de 1874. Un rumor esténdese polo Congreso. Parece ser que o xeneral Manuel

Pavía, capitán xeneral da praza achégase con tropas para disolver o corpo lexislativo. En efecto, esa noite o xeneral Pavía non se quitou as botas. Os seus axentes van e veñen entre o Congreso e a Capitanía xeneral.

Disolución do Parlamento polo xeneral Pavía. 1874

Ó saber que Castelar foi derrotado, fai saír as tropas dos cuarteis e ocupa militarmente a cidade. Pavía, a cabalo e á fronte dun batallón de infantería e unha batería de artillería, percorre a rúa Mayor, a Carrera de San Jerónimo e rodea o Congreso. O escándalo é maiúsculo. O ministro da Guerra, declara fóra da lei ó xeneral. Tarde, moi tarde. Gardas Civís e soldados penetran xa no salón de sesións: as sete e media da mañá, as baionetas disolveron a representación nacional e con ela a I República.

Tuñón de Lara: *La España del siglo XIX*, 1973. (px. 249-250)

A República morrera, pero o seu nome mantívose durante o ano 1874, baixo a forma dun goberno provisional presidido polo xeneral Serrano, apoiado polo exército e o *partido alfonsino*. A oligarquía española, mesmo os progresistas de Sagasta e algúns radicais, estaba abertamente a favor da solución "alfonsina", que tan meticulosamente preparaba Cánovas, como remedio á "desorde republicana". O réxime presidencialista, unha paréntese ata a volta da monarquía borbónica, non respectou as liberdades. Disolveu a Internacional, perseguiu ós republicanos, dominou ó cantón de Cartagena e reforzou a loita contra o carlismo. O pronunciamento de Martínez Campos nos derradeiros días de 1874 deu paso á Restauración borbónica.



Debuxo da revista satírica "*La madeja*". 1874.